

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES ALFOZ-VALADOURO  
CURSO: 1º, 2º, 3º E 4º DE ESO  
MATERIA: MATEMÁTICAS  
DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS  
DATA: 2/5/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 1º ESO

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
<b>3ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</b> a nota da 3ª avaliación calcularase do mesmo xeito que se fixo nas dúas avaliacións anteriores e como se reflexa na programación didáctica, é dicir:</p> $\boxed{\text{Media ponderada}} = 0,8 \cdot \boxed{\text{Media das probas escritas}} + 0,2 \cdot \boxed{\text{Media do caderno, deberes, comportamento e traballo de clase.}}$
	<p><b>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</b> ao igual que nas outras dúas avaliacións, o alumnado que non supere a 3ª avaliación, terá opción (proba independente da avaliación extraordinaria).</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</b> A cualificación final obtense calculando a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando a nota de cada avaliación sexa 5 ou superior.</p> <p>O alumnado que non teña algunha avaliación superada, deberá realizar unha proba extraordinaria. Os que teñan unha avaliación pendente, examínanse soamente desa parte e os que teñan dúas ou máis avaliacións suspensas, examínanse da materia de todo o curso.</p> <p>Esta proba realízase tendo en conta os estándares de aprendizaxe que teñan un grao mínimo de consecución do 100%.</p> <p>Esta proba escrita puntuarase sobre 10 puntos e para ter superada esta avaliación extraordinaria, o alumno deberá ter un 5 no exame.</p> <p>Se a nota obtida na proba oscila entre 5 e 7 terá unha cualificación de 5. Se a nota está comprendida entre 7 e 9 o alumnado terá unha cualificación de 6. Se a nota acadada é maior a 9 o alumno obterá unha cualificación de 7.</p>

**2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

**Metodoloxía,  
actividades tipo,  
materiais e recursos**

- O alumnado que aprobou as tres avaliacións realizará actividades de ampliación, que consistirán en actividades relacionadas cos contidos vistos ao longo do curso e que fomenten a autonomía e pensamento crítico dos rapaces sobre temas de índole científica. Algúns exemplos son: documentais e vídeos con posterior reflexión, pequenas investigacións e proxectos, etc.
- O alumnado que suspendera unha ou varias avaliacións realizará unha serie de actividades acordes ás súas necesidades específicas ("PLAN DE RECUPERACIÓN"), que consiste na realización de actividades de repaso e reforzo sobre os contidos propios do curso. Estas actividades divídense en tres bloques, cada un correspondente a unha avaliación.

## 2º ESO

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
<b>3ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</b> farase do mesmo xeito que nas dúas avaliacións anteriores.</p> $\text{NOTA} = 0,8x P + 0,2 x T$ <p>onde:</p> <p>P: Nota media das probas escritas. T: Nota media dos traballos realizados, tanto individualmente como en grupo e das probas controis.</p>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</b> Para recuperar a terceira avaliación poderase facer unha proba escrita da materia non superada.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: A nota da avaliación final será a nota media das tres avaliacións.</p> <p><b>(Redondeo da nota</b> que non pode levar decimais. Redondearase sempre matematicamente, se o primeiro decimal é menor a 5 por defecto, e cando o primeiro decimal sexa igual ou maior de 5 por exceso, agás na unidade do catro que se realizará sempre por defecto.)</p> <p>Se algún alumno tivese algunha avaliación suspensa terá que facer un exame en xuño con esas avaliacións soamente. Esta proba de xuño será só das avaliacións suspensas durante o curso e versará sobre os estándares que na táboa teñen un grao mínimo de consecución do 100 %. Esta proba escrita contará con varias preguntas: exercicios e problemas. Para ter superada a avaliación final, o alumno deberá ter un 5 no exame. Se a nota que se obtén neste exame supera o 5, a nota final será calculada tendo en conta os criterios citados no apartado de procedementos de avaliación continua (80% proba escrita e 20% traballos e probas controis se houbera).</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Entrega de fichas e actividades que lle entregará periodicamente a profesora. Ademais farase unha proba escrita en xuño.</p>

**2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

**Metodoloxía e actividades**

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final realizaranse actividades de reforzo e ampliación.

Os alumnos con avaliacións pendentes farán fundamentalmente actividades de reforzo especificamente da materia non superada.

Priorizaranse as actividades de reforzo nas que se traballen os graos mínimos de consecución dos distintos estándares, procurando facilitar a recuperación de aquel alumnado non avaliado positivamente.

Os alumnos que teñan superadas as tres avaliacións (1ª, 2ª e 3ª), farán actividades de ampliación.

## 3º E 4º DE ESO

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>3ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</b> a nota da 3ª avaliación calcularase do mesmo xeito que se fixo nas dúas avaliacións anteriores e como se reflecta na programación didáctica, é dicir:</p> <p style="text-align: center;">NOTA:</p> <p style="text-align: center;"><b>media aritmética</b> das probas escritas</p> <p style="text-align: center;"><b>±</b></p> <p style="text-align: center;"><b>0,30</b> (deberes, actitude e traballos)</p> <p>A nota redondearase matematicamente, agás no 4 que se fará a aproximación por defecto.</p> <p>Superará a avaliación o alumno/a que obteña unha nota de 5 ou máis.</p>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</b> O alumnado que non obteña un 5 terá unha recuperación antes da sesión da 3ª avaliación. Para superar esa proba, terase que obter como mínimo unha nota de 5 sobre unha puntuación de 10.</p> <p>A nota final obterase como se indica no primeiro cadro.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>A cualificación final obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando a nota de cada avaliación sexa 5 ou superior. Esa media redondearase matematicamente.</p> <p>O alumnado que non teña algunha avaliación superada, deberá realizar unha proba sobre todos os estándares con grao de consecución do 100% das avaliacións suspensas. Para ter superada esa última proba, o alumno/a deberá ter, como mínimo, unha nota de 5. Calcularase a nota final do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Se as 3 avaliacións están aprobadas, será a media aritmética.</li><li>• Se algunha avaliación non estivera superada, será a media aritmética, pero como máximo obterase un 4.</li></ul>

<p><b>Alumnado de materia pendiente</b></p>	<p>Entregarase unha ficha con exercicios sobre os estándares da terceira avaliación.</p> <p>O alumnado terá unha proba parcial nesta 3ª avaliación (ao igual que nas dúas primeiras).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Se as tres probas parciais(en cada avaliación), foran aprobadas, o alumno/a superará a materia e a nota da avaliación final será a media aritmética das tres.</li> <li>• Se o alumno/a tivese algunha/s avaliación/s suspensa/s, realizará unha proba final desa/s avaliacións que versarán sobre os estándares con grao mínimo de consecución do 100%.Superarase esa proba no caso de obter un 5 ou máis e a nota final calcularase realizando redondeo matemático (salvo o 4).</li> </ul> <p>Esta proba final realizarase no mes de xuño</p>
---	---

<p align="center"><b>1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)</b></p>	
<p><b>Metodoloxía e actividades</b></p>	<p>No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final realizaranse actividades de reforzo e ampliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os alumnos/as con algunha avaliación suspensa farán actividades de reforzo dos contidos desa/s avaliación/s axudando así a súa recuperación</li> <li>• Os alumnos que teñan superadas as tres avaliacións (1ª, 2ª e 3ª), farán actividades de ampliación.</li> </ul>